



O vixente plano de estudos conducente á obtención do título de licenciado/a en Medicina e Cirurxía, contempla que no sexto curso se realicen determinadas materias no réxime dun curso rotatorio (Orde do 8 de febreiro de 1982).

Para poder realiza-lo citado curso rotatorio requírese que os alumnos teñan superadas as denominadas materias homólogas, ou que como máximo teñan dúas sen superar (apartado 3.4 do acordo da Xunta de Goberno do 3 de xuño de 1996).

As prácticas académico-administrativas requiriron de varias normas que as regulasen; con obxecto de clasifica-las ditas normas refundíndoas nun só texto e regular outros aspectos de interese, estímase conveniente dicta-la seguinte resolución.

PRIMEIRO.- MATRÍCULA NO CURSO ROTATORIO

a) Alumnos que no prazo ordinario tiveran superadas tódalas materias homólogas

Se os alumnos no prazo ordinario de matrícula tiveran superadas tódalas materias homólogas, poderán formalizar matrícula das materias do curso rotatorio.

b) Alumnos que no prazo ordinario de matrícula non tiveran superadas tódalas materias homólogas.

Estes alumnos, se superaron tódalas materias homólogas ou como máximo lles restaran dúas, poderán formalizar matrícula no prazo que se estableza trala realización dos exames correspondentes á convocatoria de fin de carreira ou extraordinaria (febreiro).

As materias do rotatorio e mailas homólogas relaciónanse no anexo á presente resolución.

SEGUNDO.- SOLICITUDE DO HOSPITAL PARA A REALIZACIÓN DO CURSO ROTATORIO

1.- A Facultade de Medicina e Odontoloxía fará públicos os hospitais e mailas prazas en cada un deles no inicio do prazo de solicitude.

2.- A solicitude do hospital para a realización do curso rotatorio deberá presentarse na Unidade de Xestión Académica do Campus Norte nos prazos que estableza o rectorado á vista da proposta que realice a Facultade de Medicina e Odontoloxía.



UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

Nas solicitudes deberán reflectir por orde de preferencia os hospitais onde desexen realiza-las prácticas.

3.- As solicitudes de adxudicación de prazas nos hospitais resolveranse consonte os criterios que para tales efectos estableza a Facultade de Medicina.

TERCEIRO.- EFECTOS DA AVALIACIÓN DAS MATERIAS DO ROTATORIO

Se os alumnos foron avaliados positivamente nas materias do rotatorio, pero por mor da prelación non foron reflectidos nas actas, a avaliación reflectirase na primeira acta na que figure o alumno, segundo se dispón no apartado seguinte.

Os efectos de concorrer ás convocatorias de exames de fin de carreira ou extraordinaria (febreiro) non se computarán como materias sen superar, as materias do curso rotatorio avaliadas positivamente, aínda que non estean reflectidas nas actas.

Para os efectos de control do diposto no presente apartado, a Facultade de Medicina poñerá en coñecemento da Unidade de Xestión Académica a relación de alumnos que superaran o curso rotatorio, aínda que non figuren en actas.

CUARTO.- ACTAS

a) Actas con efectos da primeira convocatoria (xuño)

Xeraranse dúas actas en función do momento en que os alumnos realicen o curso rotatorio:

1ª .- Acta para os alumnos que realizaran o curso rotatorio en cursos anteriores e que, por non ter superadas as materias de prelación, a cualificación outorgada non produciu efectos.

2ª .- Acta para alumnos que se matriculen no curso rotatorio por primeira vez.

b) Actas para a segunda convocatoria ordinaria (setembro)

Esta acta deberá conter tódolos alumnos que figuraran en calquera das dúas actas da primeira convocatoria, se a cualificación outorgada no curso rotatorio non producira efectos por ter pendentes materias de prelación.



UNIVERSIDADE DE
SANTIAGO DE COMPOSTELA

c) Actas das convocatorias de fin de carreira e extraordinaria (febreiro)

Nestas actas deberán figura-los alumnos que concorreran ó curso rotatorio en convocatorias anteriores. e superaran nalgunha destas convocatorias as materias de prelación que impediron anteriormente a súa cualificación.

Santiago de Compostela. 23 de xuño de 1997

O RECTOR

Dario Villanueva Prieto.

SR. SECRETARIO XERAL; SR. VICERRECTOR DE ORDENACIÓN ACADÉMICA E 3
TITULACIONES; SR. DECANO DA FACULTADE DE MEDICINA E ODONTOLOXÍA; SR.
XEFE DO SERVICIO DE ALUMNADO; SR. DIRECTOR DO COIE; SR. DIRECTOR DOS
SERVICIOS INFORMÁTICOS; SR. XEFE DA UNIDADE DE XESTIÓN ACADÉMICA
CAMPUS NORTE.



UNIVERSIDADE DE
SANTAGO DE COMPOSTELA

ANEXO

MATERIAS HOMÓLOGAS

Psiquiatría
Patoloxía e Clínica Médica II
Patoloxía e Clínica Cirúrxica II
Pediatría e Puericultura
Obstetricia e Xinecoloxía II

MATERIAS DO CURSO ROTATORIO

Clínica Médica
Clínica Cirúrxica
Clínica Obstétrica
Clínica Pediátrica
Clínica Psiquiátrica